

# ALICE MUNRO

Naceu en 1931 en Ontario, Canadá, nun contexto de depresión económica, feito que parece como transfundo nunha grande parte dos seus relatos.

Ao rematar os seus estudos primarios, grazas a unha bolsa, asistiu á Universidade de Western, en Ontario, onde comezou a publicar historias curtas nunha revista do estudantado. Mais, ao rematar a bolsa, tivo que deixar os estudos, pois non tiña recursos para poder pagalos.

Casou con James Munro, compañeiro de universidade, e xuntos abriron unha librería en Vitoria, "*Munro's Books*". En 1972 divorciáronse e regresa a Ontario, onde consolidou a súa carreira como escritora.

Especialista en relato curto, destaca pola súa precisión narrativa e pola observación e descrición das emocións femininas.

Algunhas da súas obras son: "*Danza de las sombras felices*", colección de historias curtas coa que gañou o premio Governor General; "*La vida de las mujeres*", a súa única novela; "*Algo que quería contarte*" ou "*Secretos a voces*".

No ano 2013 gañou o Premio Nobel da Literatura. A academia cualificouna coma a mestra do conto contemporáneo.

En 2016 Pedro Almodóvar adaptou dous dos seus relatos para rodar a súa película "*Julieta*".

Diego Martínez Torres

1º Bacharelato C